



Día Internacional da Muller Traballadora








CEIP NOSA SRA DE XUVENCOS

Realiza esta enquisa na túa familia:



	pai	nai
cociñar		
comprar comida		
comprar mobles		
lavar		
tender		
pasar o ferro		
coser		
facer a cama		
quitar o po		
poñer a mesa		
varrer		
fregar		
reparar grifos		
reparar a luz		
levar as contas aos bancos		
ocuparse do coche		
acudir a reunións na escola		
coidar dos nenos		
quedarse na casa cun fillo doente		
ler diarios		
Escoitar informativos de TV		
ver películas		
ver programas científicos		

	Concepción Arenal
	Gabriela Mistral
	Marie Curie
	María Mariño Carou
	Valentina Tereshkova

8 de marzo, día internacional da muller traballadora

O nacemento do Día Internacional da Muller, ó contrario do que se pensaba, non radica nun acontecemento illado, senón que debemos situalo nun contexto histórico e ideolóxico moito máis amplo.

CARMÉ LÓPEZ (Mujer actual)

Esta é unha celebración que as Nacións Unidas declararon no ano 1978, pero que ten a súa orixe no ano 1908 en Nova York.



ORIXE DESTA CONMEMORACIÓN

A orixe desta data é algo controvertida.

A versión máis escoitada di que:

A comezos do século XX, moitas mulleres incorporáronse ó traballo nas fábricas nunhas condicións moi duras: xornadas laborais moi longas, de doce e máis horas, recibindo salarios inferiores aos dos homes.

A medida que as mulleres se ían incorporando ao mundo laboral, facíase máis evidente que aquela situación non era xusta, e pouco a pouco empezaron a organizarse.

Unha das protestas, reivindicando mellores condicións laborais, foi a que protagonizaron as traballadoras da fábrica téxtil **Cotton de Nova York**, en Estados Unidos.

Era o **8 de marzo de 1908** e as traballadoras encerráronse no interior para pedir que se lles reducira a súa xornada laboral a 10 horas.

Os propietarios da fábrica decidiron incendiar o edificio para facelas saír de alí, pero o resultado foi de **129 traballadoras mortas**.



A cor lila con que se identifica este día é porque dese ton era o tecido que estaban a facer as obreiras o día que morreron.

Unha segunda versión di:

Que a anterior está baseada en feitos erróneos, xa que nunca existiu tal incendio e que o feito que se lle achacara ao mesmo pode deberse a que os historiadores conservadores norteamericanos e europeos quixeron ocultar a orixe comunista desta celebración. A decisión de

Mulleres famosas da historia

Busca a data de nacemento e morte; o país de orixe e por que pasaron á historia as seguintes mulleres:

	Rigoberta Menchú
	Madre Teresa de Calcuta
	Gertrude Elion
	Indira Gandhi



OBXECTIVOS DA CONMEMORACIÓN

Hoxe en día continúa a loita pola igualdade entre homes e mulleres.

¿Hai igualdade entre homes e mulleres ?

O que se reivindica é unha **igualdade de dereitos entre ámbolos sexos**, e non só na redacción das leis, senón na aplicación das mesmas e nos seus resultados, pois unha lei magnífica pode ser mal aplicada e incluso, estando ben aplicada, pode ir en contra dos obxectivos cos que se deseñara dita lei.

Estes aspectos deben seguir sendo reivindicados, pois o obxectivo final da **igualdade non se conseguiu**, e para elo simplemente temos que remitirnos aos datos de desemprego, horas de traballo dentro do fogar e fora del, posición laboral, soldos, abusos, agresións, etc.

Aínda queda moito por facer e **hai marxe para mellorar** o apoio ás familias no ámbito salarial, fiscal e educativo: equiparación salarial, mellorar as prestacións fiscais por fillos, ampliar a educación gratuíta aos cero anos para favorecer a incorporación da muller ao traballo...

Tolerancia cero



Por outra banda, é prioritario **incidir na formación cultural e educativa**, para erradicar hábitos e culturas de discriminación, de marxinación ou de violencia de xénero.

Non debemos esquecernos das **mulleres inmigrantes** que por ser muller e por ser inmigrante sofre un dobre proceso de discriminación, que as fai especialmente vulnerables.

As conquistas foron moitas desde 1908, pero queda dabondo por facer.

PESCUDA DE INFORMACIÓN

1. Que se conmemora o 8 de marzo?

2. Desde que ano se conmemora esta data?

3. Que organismo internacional declarou oficial esta data?

4. Que pasou o 8 de marzo de 1908?

5. Cantas mulleres morreron no incendio da fábrica?

6. De que cor era o tecido co que estaban a traballar?

